

REUNIÓN MODIFICACIÓN RPT DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL BRIGADAS HELITRANSPORTADAS

Santiago de Compostela 15/04/2023

UGT asistiu a reunión na que se tratou a modificación da RPT da consellería do MR para a **creación de brigadas helitransportadas** nas bases de **O Barco, Xurés, Queimadelos**, e o **reforzo nas de Marroxo e Vilamaior**.

UGT manifesta que está **de acordo co fondo desta modificación** valorándoa de xeito positivo xa que aparte de supoñer unha creación de prazas, **atende a unha reivindicación exposta reiteradamente** por esta **organización** en toda e cada unha das ocasións nas que foi posible, como é a **recuperación dun servizo de incendios 100% público** para a Comunidade Autónoma de Galicia. Este sería un paso importante na dirección correcta pero **non o fin do camiño que non estará completo namentres existan medios fora do operativo público**.

UGT non pode estar de acordo co contido da modificación proposta polo que facemos as seguintes **consideracións** para que se teñan en conta e poidan ser corrixiadas aquelas cuestións que entendemos que se deben modificar na proposta:

1. A conformación das **brigadas helitransportadas non é a natural do SPIF**, 2 BFXB, 2 BFC e 10 BF, substituíndoa por unha conformada por 2 BFXB e 12 BFC. Esta distribución afectaría ao persoal que pode acceder as prazas producindo un desequilibrio no mesmo. **UGT solicita** que a estrutura das brigadas sexa a tradicional do SPIF.
2. Partindo da base que **UGT está en contra** de calquera **amortización de prazas** solicitamos que se comprobe a situación actual das mesmas xa que nos **consta que algunha delas esta ocupada**. Asemade **UGT considera** que as **prazas de BF** pertencentes a brigadas de extinción de incendios que **no seu momento foron adxudicadas a oficiais de incendios e agora están sen ocupación deben volver a brigada e ser ocupadas por BF**, co cal pedimos que **retiren esas prazas da amortización proposta**.
3. **UGT considera** que as **prazas deben ser creadas no código pertencente ao distrito de localización da base**.
4. No caso dos **emisoristas UGT non pode estar de acordo** que se propoña que estes **realicen** as súas **funcións en distintos centros de traballo** sen a dotación económica correspondente, **tal como recolle o VCCU**.
5. **UGT entende que é un erro** que se incorporen as **funcións** descritas no **PLADIGA** en lugar das que realmente corresponden que **son as recollidas no VCCU** polo que solicita que sexan corrixiadas.



6. Sobre a realización dunha **proba física**, partindo de que unha boa forma física e inherente a realización do traballo e básica para a protección da saúde dos bombeiros, **UGT non pode estar de acordo co que se impoña unha proba física distinta a pasada por outros integrantes das BHT da Xunta, nin que se poña como requisito** o paso da mesma **anualmente** só para estas prazas de nova creación. Creemos que **isto forma parte de outra negociación mais ampla** onde esa esixencia para os bombeiros ten que levar **outras contrapartidas** como os **coeficientes redutores e enfermidades profesionais** xa que a idade xunto con estas poden ser causas de que un bombeiro non pase esta proba.
7. **UGT considera que a administración ten que abrir as listas de contratación para o persoal do SPIF e actualizalas** para que, no caso de que se produzan chamamentos, estes se fagan sobre a posición real que ocupan os traballadores nelas. Reivindicación que **xa reiteramos noutras reunións** pois levan anos pechadas.

